

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 13 NOVEMBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de novembro de dous mil seis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 6 de Novembro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **DENEGACIÓN LICENZA OBRA MAIOR.-**

“ Vista a solicitude de **don Ignacio Losada Rivas**, con domicilio en San Cristovo, de data 28-09-06, na que interesa a concesión de legalización de nave e anexo para vivenda e trasteiro sita na estrada OU-210 nº 143, San Cristovo.

Visto o informe técnico desfavorable, de data 10.11.06, no que se sinala:

“O Solo sobre o que se emplaza a parcela con Referencia Catastral 16.47.9-38, corresponde a solo clasificado como Urbano.

A ordenación urbanística do Concello corresponde ás NNSSM publicadas no BOP Nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Consta informe de condicións de aplicación ó PERI por parte da Consellería de Cultura, de data 6 de maio de 1995.

Informe da Dirección Xeral de Urbanismo de data 30 de agosto de 2000.

Aprobación definitiva do PLAN ESPECIAL do CASCO ANTIGO de SAN CRISTÓBAL, do 18 de setembro de 2000, DOGA Nº 218 do 10 de novembro de 2000.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

Parcela: A parcela que figura no Proxecto, non se corresponde coa que consta rexistrada no Catastro de Urbana. É unha fracción contraria á planificación.

A parcelación da parcela con referencia catastral 16.47.9-38, ten que coincidir coa estrutura dos aproveitamentos previstos no PERI de San Cristóbal, según o seguinte esquema, que corresponde ao Plano Nº 3, do PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR SAN CRISTÓBAL, a Escala 1:1000, e según se determina no Art. 204 da LOUGA.

Zona frontal a Estrada OU-210. UMA-II (B+I).

Fondo edificación 12 metros.

Zona interior de Espacio Libre, uso privado cun ancho de 8,00 metros.

Zona colindante co E.L. UMA-II (B+I).

1. Edificación Actual:

Na parcela de referencia e con fronte á Estrada OU-210, existe unha edificación de planta baixa sen rematar e sen uso regulamentado.

Edificación que se tipifica como Fora de Ordenación, según o previsto no Art. 103 da LOUGA, séndolle de aplicación su rexime correspondente. Según o previsto no Art. 103-2.

2. Como consecuencia do previsto no PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR de SAN CRISTÓBAL, é de aplicación a Ordenanza Usos Mixtos no seus Graos A e B; así como disposicións da Consellería de Cultura, de data 6 de maio de 1995, RE Nº 828.

3. No fundamento do exposto, concluo:

3.1 A edificación actual emplázase sobre Solo Urbano regulado según se describe no Punto 3-2-1.

3.2 A ampliación proposta, é contraria ao ordenamento urbanístico aplicable.

Razóns por as que informo desfavorablemente a proposta que se plantexa na documentación técnica e obxeto do presente informe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda **DENEGAR A LICENZA SOLICITADA PARA LEGALIZACION DE NAVE E ANEXO PARA VIVENDAS E TRASTERO** en base aos fundamentos recollidos no informe do técnico municipal.”

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.**

#### **CONDICIONS URBANISTICAS.-**

**Expte: 03/10/2006/4613-CU/321:** Vista a solicitude de **Don Manuel Rivera Vila**, con domicilio nas Chabolas nº 16, Cenlle, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na estrada N-120, M.I. As Chabolas (Ref. Catastral, Poligono 28, Parcela 1276), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 10.11.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. A parcela nº 1276 do Polígono 28, corresponde a Solo Rústico, según costa nas NNSSM, sendo de aplicación o Art. 31 e seguintes da LOUGA.
2. Na Categoría que se establece no Art. 32 da LOUGA.
  - a. Como Solo Rústico Especialmente Protexido, Art. 32-2, na Categoría 2-a) Solo Rústico de Protección Agropecuaria; así como na Categoría 2-c) Solo Rústico de Protección de Infraestructuras.
3. Axúntase co presente informe:
  - a. Plano NNSSM, delimitación de Núcleos e Solo Rústico, a Escala 1: 10.000.
  - b. Plano Catastral.
  - c. Art. 31 e seguintes, aplicables ao Solo Rústico”.

**Expte: 04/10/2006/4627-CU/320:** Vista a solicitude de **Dona Maria Asunción Alvarez Giráldez**, con domicilio na Praza da Madalena nº 2, desta Vila, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no Camiño do Muiño, San Cristovo (Ref. Catastral, 15.44.3-21), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 10.11.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. A parcela 15.44.3-21, corresponde a terreo inundable clasificado por as NNSSM, como Solo Rústico, sendo de aplicación o Art. 31 e seguintes da LOUGA.

2. Dita parcela, categorízase como SNU/EP, Solo Non Urbanizable Especialmente Protexido, como así consta na Cartografía e Lenda da Organización Espacial, das NNSSM. Ordenanza 6.6.
  - a. Correspondendo coa categoría que se establece no Art. 32 2-d) da LOUGA.  
Quedando supeditada a Ordenanza 6.6 á LOUGA.
3. Axúntase co presente informe:
  - a. Plano Catastral.
  - b. Plano NNSSM, E 1: 2.000
  - c. Lenda NNSSM.
  - d. Artigo 31 e seguintes da LOUGA.”

**Expte: 04/10/2006/4627-CU/320:** Vista a solicitude de **Dona Maria Asunción Alvarez Giráldez**, con domicilio na Praza da Madalena nº 2, desta Vila, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no Camiño do Muiño, San Cristovo (Ref. Catastral, 15.44.3-20), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 10.11.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

1. A parcela 15.44.3-21, corresponde a terreo inundable clasificado por as NNSSM, como Solo Rústico, sendo de aplicación o Art. 31 e seguintes da LOUGA.
2. Dita parcela, categorízase como SNU/EP, Solo Non Urbanizable Especialmente Protexido, como así consta na Cartografía e Lenda da Organización Espacial.
  - a. Correspondendo coa categoría que se establece no Art. 32.2-d) da LOUGA.  
Quedando supeditada a Ordenanza 6.6 á LOUGA.
3. Axúntase co presente informe:
  - a. Plano Catastral.
  - b. Plano NNSSM, E 1: 2.000

- c. Lenda NNSSM.
- d. Artigo 31 e seguintes da LOUGA.

**Expte: 04/10/2006/4627-CU/320:** Vista a solicitude de **Dona María Asunción Alvarez Giráldez**, con domicilio na Praza da Madalena nº 2, desta Vila, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no Camiño do Muiño, San Cristovo (Ref. Catastral, 15.44.3-04), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 10.11.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP Nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle San Cristóbal Travesía, aprobado en Pleno de 2 do 11 de 1993.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

1. A parcela 15.44.3-04, corresponde a terreos inundables, clasificados como Solo Urbano por as NNSSM e o Estudio de Detalle Travesía San Cristóbal.
2. É de aplicación a Ordenanza 3.2.2 USOS MIXTOS, GRAO B.
  - a. A parcela non cumpre as condicións que se establecen no Art. 16 da LOUGA.
3. Apórtase con presente informe:
  - a. Plano Catastral.
  - b. Plano E.D. , Escala 1: 500.
  - c. Ordenanza 3.2.2.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Dirección Xeral de Protección Civil, Resolución do expediente de cesión de equipos de excarcelación para misións de protección civil (Xogos Coxíns elevadores, Cizallas Hidráulicas e Cilindros Hidráulicos).- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aceptación de dita subvención e nomea como representante do Concello nos trámites de entrega o concelleiro Don José Ignacio Gómez Pérez”.

- “Da Dirección Xeral de Protección Civil, Resolución do expediente de cesión de material de primeiros auxilios e desfibriladores semiautomáticos externos ( material básico

de primeiros auxilios e material sanitario específico).- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aceptación de dita subvención e nomea como representante do Concello nos trámites de entrega o concelleiro Don José Ignacio Gómez Pérez”.

-“Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 30 de Outubro pasado comunicando adxudicación definitiva da obra denominada “C.V.345 Cenlle-Val de Pereira” o contratista José Antonio Pacios Ramos”.

-“ Do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-administrativo, comunicando Sentencia do procedemento ordinario núm.. 8230/2002”.

- “Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando altas e baixa no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-ç**

### **APROBACION DE FACTURA.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura da empresa Aqualia, relativa a reductora de presión da Veronza, por importe de 3.132 euros.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.